



BASES III CERTAME DE CURTAMETRAXES “CURTAS PARA ROSALÍA”

1º ORGANIZACIÓN

O Certame de curtametraxes “Curtas para Rosalía” é un evento organizado e xestionado pola **Asociación Socio-Pedagógica Galega** (www.as-pg.com). Con tal motivo a AS-PG designará unha Comisión Organizadora encargada de recepcionar as obras, avaliar a súa adecuación ás bases do certame e organizar as galas de entrega de premios e de promoción do certame, se for o caso, e de resolver e decidir sobre calquera outro aspecto non previsto nas presentes bases. Así mesmo, a AS-PG designará un Xurado que estará formado por persoas relevantes do mundo da cultura galega e do audiovisual. Tanto a composición da Comisión Organizadora como a do Xurado faranse públicos no enderezo web: <http://bitaculas.as-pg.com/literaria/> na entrada [Curtas para Rosalía](#). Nin os membros do xurado nin os da Comisión organizadora poderán participar no Certame.

2º TEMÁTICA

A primeira edición deste certame tivo como motivo central a figura de Rosalía de Castro no 125 aniversario do seu falecemento. Pasada esta efeméride, as potencialidades que se agochan na obra de Rosalía deben seguir sendo descubertas xa que o mundo rosaliano é aínda un mundo revelador e con propostas clarificadoras para hoxe. Tendo en conta, ademais, que Rosalía de Castro é a figura máis representativa da Literatura Galega, desde a organización deste certame entendemos que homenaxear a Rosalía é homenaxear e divulgar a Literatura Galega.

Polo tanto aquelas persoas que queiran presentar obras a este certame poderán facelo atendendo a un dos seguintes criterios:

- 1.- Obras cuxa temática xeral sexa a persoa de Rosalía de Castro, as súas obras ou algún elemento que destaque a súa vida, traballo ou calquera outro punto de interese da escritora como tal ou do seu contorno.
- 2.- Tamén se poderán presentar a este Certame curtas cuxa temática se centre, interprete ou explore calquera texto, de calquera época, da Literatura Galega quer na súa variante oral, quer textos escritos.



BASES III CERTAME DE CURTAMETRAXES “CURTAS PARA ROSALÍA”

3º NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1. Poderán optar aos premios os traballos realizados ou producidos con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 e rodados en calquera sistema de gravación (cine, vídeo, outros).
2. As obras presentadas terán que ser enviadas en soporte vídeo dixital (DVD) antes das 14 horas do día 30 de setembro de 2012 ao enderezo postal que figura no apartado 4 destas bases, acompañadas da documentación que neste mesmo apartado 4 se solicita.
3. A duración non excederá en ningún caso os 20 minutos, créditos incluídos.
4. O idioma (audio e texto) das obras presentadas será o Galego, non admitíndose ningún outro agás para a incorporación de textos de Rosalía. Só neste caso poderán incorporarse no idioma en que foron redixidos.
5. Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras.
6. As obras presentadas deberán ir acompañadas da súa correspondente ficha de inscrición (anexo 1), xunto con fotocopia de D. I. da persoa de representación da curtametraxe e fotocopia de D.I. do realizador ou realizadora ou director ou directora da obra.
7. No web da AS-PG, concretamente no espazo: <http://bitaculas.as-pg.com/literaria/> serán publicados os títulos e a ficha técnica das curtas admitidas a concurso. Así mesmo, serán publicadas as obras finalistas en cada categoría. As obras admitidas poderán ser emitidas naqueles actos organizados para a promoción do festival, sempre sen ánimo de lucro. As curtas gañadoras serán proxectadas na Gala de Entrega de Premios. As datas de cada un destes actos serán publicadas durante o mes de outubro de 2012 e os autores e autoras serán informados por correo electrónico.
8. O xurado propondrá tres obras finalistas en cada categoría e entre estas tres estará a gañadora. As obras gañadoras daranse a coñecer na Gala de entrega de premios. Nesta gala é obrigada a presenza dalgún dos membros das curtas finalistas en representación das obras. A non presentación será motivo da perda do importe económico do premio (no caso de a obra finalista resultar premiada), mais non do premio en si.
10. Responsabilidades legais. O concursante será o único responsable da súa curtametraxe. A organización do festival declina toda a responsabilidade da curta e o seu contido sobre a/o participante.
11. O material enviado ao inscribirse non será devolto.



BASES III CERTAME DE CURTAMETRAXES “CURTAS PARA ROSALÍA”

4º INSCRICIÓN

A inscrición será realizada polo director, directora, produtor, produtora ou calquera membro responsábel da obra que pretenda concursar e constará de dúas fases:

1.- Na primeira fase o director/a, produtor/a ou calquera membro responsábel da obra, enviará un correo electrónico a informacion@as-pg.com no que constará nome e apelidos e unha forma de contacto, preferibelmente correo electrónico, e manifestará a intención de participar no certame. Esta preinscrición, que é gratuíta, haberá de se facer antes do 15 de xuño e ten como finalidade poder comunicar calquera modificación, ampliación ou variación dalgún dos conceptos que aparecen nestas bases, tal e como se recolle na base 7.

2.- Na inscrición definitiva, até as 14 horas do día 30 de setembro de 2012 os participantes deberán enviar a seguinte documentación:

1. DVD (Pal ; 4/3 ou 16/9) con copia do filme ou filmes que optan ao certame.
2. Ficha de inscrición (Anexo I) con todos os campos cubertos. No caso de presentar máis dunha obra deberá enviar tantas fichas como obras.
3. Fotocopia do DI da persoa que representa a obra
4. Fotocopia do DNI do realizador ou realizadora ou director ou directora da obra

Os traballos deberán enviarse ou presentarse na seguinte dirección:

Asociación Socio-Pedagóxica Galega
“Certame Curtas para Rosalía” Rúa Laracha, 9 baixo
15.010 A Coruña

Os gastos de envío das obras presentadas correrán a cargo dos participantes.

5º. XURADO

AAS-PG, como entidade organizadora deste evento, nomeará un xurado encargado de valorar as obras. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio no mundo da cultura e do audiovisual. No seu momento publicarase na páxina web da organización a relación de membros do xurado. O ditame do xurado será inapelábel.



BASES III CERTAME DE CURTAMETRAXES “CURTAS PARA ROSALÍA”

6º PREMIOS

A organización do certame Curtas para Rosalía establece dous premios:

- 1.- Un premio de 2000€ + Diploma á mellor curtametraxe.
2. Un premio de 1000 € + Diploma á obra cuxos realizadores/as ou directores/as sexan menores de 30 anos a día 30 de setembro de 2012.

Concederáse un único premio por categoría, podendo acumularse no caso de a mellor curtametraxe estar realizada ou desenvolvida por unha persoa menor de trinta anos. O xurado poderá outorgar “Mencións” que non levarán consigo dotación económica. Os premios serán entregados na Gala de Clausura. As datas e o lugar da entrega de premios serán publicadas pola Organización no sitio web da **as-pg**.

7º RESPONSABILIDADE

A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases por parte de cada participante. Calquera cuestión referida á interpretación e aclaración das bases corresponde á Organización, non cabendo contra ela ningunha reclamación.

A Coruña, 30 de marzo de 2012



ANEXO I- FICHA DE INSCRICIÓN
(E OBRIGATORIO CUBRIR TODOS OS CAMPOS)

<u>REPRESENTANTE DA OBRA</u>	
NOME E APELIDOS	
DI	
DOMICILIO	
LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	
EMAIL	
	<u>DATOS DA OBRA</u>
TÍTULO	
PRODUTORA	
DIRECTOR /A	
GUIONISTA	
DURACIÓN	
FORMATO	
XÉNERO	
SINOPSE	
FILMOGRAFÍA DO DIRECTOR/A	